

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE
DECEMBRO DE 2012. Nº 15/2012.**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.)

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)

D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)

D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)

D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)

D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)

D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)

D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D^a. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)

D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)

D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)

D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes: D. José Antonio Rodríguez Fernández

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....páx. 3

2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....páx.3

3.- Moción do PP relativa á solicitude ao Ministerio de fomento de pintado de isletas na N-640 para os accesos a Cangas, Cadrón, A Parada e Alperiz.páx.5

4.- Mocións do PSdeG-PSOE

 4.1.-Moción do PSdeG-PSOE relativa á modificación dos criterios no pago dos tributos municipais para as familias en risco de exclusión.....páx.7

 4.2.- Moción do PSdeG-PSOE para a reclamación dunha rebaixa na peaxe da AP-53.....páx. 9

 4.3.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á modificación da ordenanza fiscal reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos.....páx.12

5.-Mocións por urxencia.....páx.14

6.- Rogos e preguntas.....páx.15

=====

Sendo as dez horas do día 27 de decembro de 2012, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente titular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*; tamén asiste a interventora *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste o concelleiro do PP *D. José Antonio Rodríguez Fernández*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión extraordinaria do Concello Pleno do día 3 de decembro de 2012. De seguido, o *Sr. Presidente* preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

O voceiro socialista *D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez* manifestou que o abandono da sesión por él mesmo e por *D. Francisco Pérez Donsión* se debeu á súa desconformidade e ao rexeitamento das verbas pronunciadas polo voceiro do grupo popular, *D. Román Rodríguez González*, debendo cambiarse o borrador da acta neste punto 8 páxina 17. da orde do día da sesión plenaria de 3 de decembro de 2012.

O *Sr. Secretario* admitiu esta indicación. Con esta corrección por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión extraordinaria do día 3 de decembro de 2012, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- MOCIÓNS DO PP.

3.1.- MOCIÓN DO PP RELATIVA Á SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FOMENTO DE PINTADO DE ISLETAS NA N-640 PARA OS ACCESOS A CANGAS, CADRÓN, A PARADA E ALPERIZ.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo de goberno de 15 de decembro de 2012, rexistrada o día 18 de decembro co número 7784. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 20 de decembro de 2012.

Na defensa da moción o edil delegado de infraestruturas rurais *D. Antonio Rodríguez Rodríguez* dixo que a estrada nacional 640 ó seu paso por Muimenta e Cadrón en dirección a Lugo podía contar cun carril, unha isleta, e pintar nela un sinal de stop e permitir así que xirasen os vehículos, e acceder mellor á parroquia de Cangas. De igual xeito, na mesma vía e en dirección a Lalín, vindo de Lugo, podía colocarse tamén outra isleta para facilitar así o xiro dos vehículos a Parada e Alperiz no lugar de Cadrón. Estes tramos e lugares eran perigosos e

cumpría instalar estes sinais.

Lembrou que no seu día, hai anos, aprobouse polo Pleno unha moción pedindo ao Ministerio de Fomento que se adoptasen unha serie de medidas, entre elas a instalación dun carril para vehículos lentos e un paso subterráneo para permitir executar estas manobras, para mellorar os accesos e a seguridade nesta zona de Lalín. Non se concedeu máis que unha parte do que se solicitou, e limitouse a velocidade a 50 qm por hora. Por isto, porque non se atendeu esta reivindicación e continuaba en perigo a seguridade vial na zona, coidaba que agora podían instalarse unha serie de isletas na dita vía, tendo en conta que había espacio suficiente e non había motivo para rexeitar estas medidas.

O voceiro do grupo socialista, **D. Manuel M^a. González Aller**, sinalou que estaban a favor de que se adoptasen estas medidas porque supuña mellorar a seguridade vial. Non obstante indicou que este tema non tiña entidade suficiente para elaborar unha moción e traela a sesión do Pleno. Si había que facelo e o Concello debía pedirlo ao Ministerio de Fomento directamente como parte da súa función que era xestionar, pero non con acordo plenario. Lembrou que houbo outras peticións hai anos nesta zona, en concreto na parroquia de Muimenta para ver se se aceptaban. “O lóxico, reiterou, era que o Concello fixera unha petición cun escrito”.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que xa en tempo do Sr. Aznar houbo unha moción do BNG na que se pedían condicións similares para a zona de Cadrón. Daquela colocouse unha marca para limitar a velocidade dos vehículos a 50 qm por hora. O que procedía á vista dos resultados obtidos era reiterar unha vez máis a petición e negociar co Ministerio de Fomento. Non podían votar en contra, por pura lóxica, pero coidaba que cun escrito e entablando negociacións co Ministerio de Fomento chegaba, e non procedía presentar unha moción ao Concello Pleno.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López**, indicou que a situación había que afrontala e buscar solucións. Tratábase de mellorar a seguridade vial e por elo non poría obstáculos.

Finalmente, o edil delegado de infraestruturas rurais, **D. Antonio Rodríguez Rodríguez**, retomando o tema de novo, reafirmouse no que se recollía na parte dispositiva da moción, lembrando que efectivamente houbo unha moción aprobada polo Pleno que se remitiu ao Ministerio de Fomento e se conseguiron algunhas cousas, como era a redución do límite de velocidade e o pintado dun carril para vehículos lentos, pero non outras, como foi coa variante que incluía un paso subterráneo. A presente moción viña xustificada polas peticións e inxerencias dos veciños dos lugares afectados que reclamaban solucións á situación actual.

Sometida a votación ordinaria a man alzada a moción, aprobouse esta por **UNANIMIDADE** con base nos seguintes antecedentes:

A estrada N-640 atravesa desde o casco urbano ata o límite norte municipal un importante número de poboacións e accesos ás parroquias por estradas e pistas locais. O gran número de cruces existentes implica que algúns deles, pola súa localización, teñen unhas limitacións nos cambios de dirección e estes realízanse nas proximidades de curvas ou cambios de rasante, o que dificulta as operacións de acceso a eses viais secundarios. É o caso dos accesos aos lugares da parroquia de Cangas dende esta N-640 e o acceso á parroquia de Parada e Alperiz en Lamas de Meixomín.

No punto quilométrico 154,9 da N-640 en dirección a Agolada, os vehículos que circulan pola citada vía nacional e queren cambiar de dirección á esquerda, cara Cangas, teñen que facelo atravesando dous carrís, un o de sentido contrario e o outro o de adiantamento, o que implica unha detención no carril de circulación co correspondente perigo para o vehículo implicado na manobra e para os que circulan na mesma dirección.

O pintado dunha illa de cambio de dirección, semellante á existente uns metros máis adiante para dar acceso ao lugar do Castelo, permitiría un cambio de dirección máis seguro e cómodo tanto para os vehículos que se incorporasen en dirección a Cangas como para os que accedesen desde a parroquia á N-640 cara á Agolada.

O outro punto onde se estima necesario o pintado dunha illa de cambio de dirección é no lugar de Cadrón, no punto quilométrico 153,5, xa que o cambio de dirección dos vehículos que circulan pola nacional en dirección a Lalín, para incorporarse á estrada local en dirección a Parada e Alperiz, e o acceso dende a estrada local á N-640 en dirección á cabeceira municipal faise nas proximidades dunha curva con escasa visibilidade e fronte a un cambio de rasante.

O pintado dunha illa semellante á citada anteriormente contribuiría a facilitar a manobra aos vehículos que transiten por este punto cara ou desde ás parroquias de Parada ou Alperiz.

Con base no anteriormente exposto, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Solicitarlle ao Ministerio de Fomento o pintado de isletas na estrada N-640 á altura dos cruces dos accesos ás parroquias de Cangas e ás de Cadrón, Alperiz e Parada, para facilitar o cambio de dirección e o acceso de automóviles e maquinaria agrícola aos lugares das ditas parroquias.

4.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.

4.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS NO PAGO DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS PARA AS FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista de 17 de decembro de 2012 rexistrada o día 17 de decembro de 2012 co número 7685. A continuación o Sr. Secretario deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 20 de decembro de 2012.

A defensa desta moción correu a cargo do voceiro socialista, **D. Manuel González Aller**, quen sinalou que a mesma viña motivada pola situación da economía do país, da crise económica que facía necesario adoptar medidas desde o Concello que amosasen sensibilidade social cara ás familias e ás persoas. Non se trataba de recadar fondos, senón de dar servizos e solucións ás persoas que estaban en condicións difíciles. Tendo en conta que no orzamento para o ano 2013 habería un superávit de máis de catrocentos mil euros e que no IBI había un incremento “bestial” que afectaba a todos, entendía que había fondos suficientes e que con eles podían darse axudas ás familias necesitadas. Leou de seguido a parte dispositiva da moción.

Os interesados podían vir ao Concello e solicitar a dedución do 30% dos impostos e taxas municipais. Pero a meirande parte dos afectados non o facían e por iso había que tomar a iniciativa e axudar a estas persoas e colectivos con necesidades.

Lembrou que a suba dos impostos foi considerable e a situación en Lalín empeoraba para moita xente.

Pola súa banda, D. Xesús Cordeiro Budiño, indicou que o seu grupo xa o dixo antes cunha moción que se rexeitou. Había que ter sensibilidade social e ver a situación das persoas e da xente que o necesitaban e adoptar as medidas para axudalas. Votarían a favor.

O voceiro do PGD, **D. Camilo Conde López** coincidía en que había xente e persoas en situacións precarias que non percibían rendas suficientes. Nestes supostos era partidario de baixarlles os impostos e tributos e axudalas. Si que votaría a favor, pero incidiu en que era importante coñecer a situación real de cada familia para poder decidir se tiñan ou non que recibir

axudas do Concello.

Desde o grupo de goberno o seu voceiro, **D. Román Rodríguez González** destacou que todos coñecían a situación difícil que agora se vivía en todas partes. Lembrou que en Lalín as persoas necesitadas podían solicitar axudas sociais, como eran as RISGA e outras. Coidaba que no IBI e na taxa do lixo, os servizos sociais xa estaban a facer esta labor desde hai tempo, aplicando bonificacións ás familias necesitadas. Polo tanto non era novo o que se pedía agora. Por isto, porque xa estaba a facer o que se pedía, rexeitarían a moción; non por estar en desacordo coa mesma, senón polo método seguido de presentala agora, cando xa se traballaba neste desde o goberno municipal. De tódolos xeitos dixo estar aberto e a disposición do grupo socialista para poder negociar o texto da moción.

Na segunda rolda de intervencións **D. Manuel González Aller**, indicou que no segundo punto da moción si podían negociar co grupo de goberno; pero no primeiro, non. Esas eran as condicións á oferta do grupo de goberno.

Lembrou que podía haber persoas con falta total de ingresos, pasando momentos difíciles, ás que había que prestar axuda. As situacións do primeiro caso podían ser excepcionais, e que nun momento determinado haxa xente desesperada sen ingresos, con recibos e propiedades embargadas; pero noutros casos podían ser situacións xa alongadas no tempo. Diante desta problemática pediu sensibilidade ao grupo de goberno e que apoiase a moción.

O voceiro do PGD, **D. Camilo Conde López** salientou que había que ver todos os casos de persoas necesitadas e con coidado para non equivocarse. Aínda así afirmou que podían darse casos non xeneralizados que escapaban da norma xeral. Por exemplo afirmou que podía darse o caso de persoas que no primeiro trimestre non tivesen ingresos e logo ingresar sumas considerables no resto do ano. Para evitar isto, afirmou, había que ver unha a unha as peticións de axuda e ter en conta os ingresos totais ao final do ano, examinando en detalle as peticións.

Finalmente o voceiro do grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, destacou que ás situacións administrativas das familias e das persoas se lles daba saída polos servizos sociais municipais. Non apoiarían a moción, porque a mellora proposta xa se realizaba desde o Concello.

Na moción solicitábase: 1º. Instar ao goberno local á aplicación da exención do pago de impostos e taxas municipais a aquelas familias que con tódolos seus membros en paro non perciben ningún tipo de prestación, como medida paliativa para aliviar, na medida do posible, a súa situación; 2º. Instar ao goberno local a aplicación dunha dedución do 30% no pago dos impostos e taxas municipais a aquelas familias cuxa renda total da unidade sexa igual ou inferior ao 75% do Salario Mínimo Interprofesional (o Salario Mínimo Interprofesional, SMI, para 2012 é de 641,40 euros/mes e o 75% 481,05 euros); 3º. Instar ao goberno local á posta en marcha dun Plan de Emprego Local.

Sometida a votación ordinaria a man alzada a moción, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos cales catro (4) foron foron do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do Concelleiro do PGD.

Votos en contra: trece (13) dos concelleiros do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo rexeitouse a moción.

4.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA A RECLAMACIÓN DUNHA REBAIXA DA PEAXE DA AP-53.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista de 17 de decembro de 2012 rexistrada o día 17 de decembro de 2012 co número 7686. A continuación o Sr. Secretario deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión de Acondicionamento e Planificación Territorial de 20 de decembro de 2012.

Iniciou o debate o voceiro socialista, o **Sr. Manuel M^a. González Aller**, indicando que nos orzamentos do Estado para o ano 2013 se prevía unha axuda para algunhas autoestradas para conter a suba das tarifas. Isto non ocorría coa AP-53 que non só non rebaixaría as súas tarifas, senón que as incrementaría. Con elo o prezo pola súa utilización faría prohibitivo o seu uso para moita xente, que xa non ía por ela, e que empregaba a estrada N-525.

Doutra banda este prezo cobrábase a todos os usuarios, mesmo nas emerxencias, algo que era excesivo e desde logo inasumible para os cidadáns correntes.

Pola contra, si que había outras autoestradas ás que se axudaban a conter ou rebaixar as peaxes, como era o caso da AP-7 de Catalunya, o seu paso por Girona, nas que se rebaixaban, grazas a esa aportación de varios millóns de euros do orzamento do Estado do ano que ven.

Algo parecido debía pasar aquí coa AP-53. Pero non sucedía, salvo o que se quería establecer no caso da ponte de Rande, no traxecto da AP-9 de Pontevedra a Vigo, na que se pretende que só se pague unha viaxe, sempre que se retorne no mesmo día e se instale o sistema de telepeaxe nos vehículos.

Sucedía tamén que o equipo político no Estado, na Xunta de Galicia e no Concello hoxe era o mesmo; salvo o **Sr. Alvarez Cascos** estaban todos. O Sr. Alcalde de Lalín era o mesmo, na Xunta de Galicia gobernaba o PP e no Ministerio de Fomento, a **Sr^a. Ana Pastor**. Polo tanto neste intre podían adoptarse medidas que axudasen a rebaixar ou a suprimir as peaxes da AP-53. Non había desculpas neste caso e o da escasez dos cartos non era xustificación, porque cando hai interese e vontade se fai; pero polo visto non se quería facer nada neste caso da AP-53.

Existía ademais outro agravante: que Galicia xa pagou a AP-53 cun préstamo de dez mil millóns das antigas pesetas para a súa construción. Ademais do custo de construción, o seu uso conlevaba o pagamento dunha peaxe esaxerada, unha das maiores que se cobraba en España. Isto sucedía tamén grazas a un crédito brando concedido pola Xunta de Galicia, crédito que terían que pagar á empresa ACEGA os cidadáns e as empresas que utilizaban a AP-53. Esta situación era grave e o sistema de prezos establecido xeraba que a empresa sempre gañase, xa que, se había beneficios, os percibía; se había perdas ou menos usuarios, a empresa concesionaria tiña dereito a unha compensación polo menor uso da mesma.

Se agora a empresa ACEGA non negociaba este aspecto, mesmo poñendo condicións, non habería credibilidade para o equipo político do PP que agora tiña o mando en tódalas administracións e que estaba en inmejorable posición para negociar sobre ela, mesmo aceptando condicións.

A continuación e desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, indicou que o seu grupo xa coñecía dabondo este tema, sendo un asunto xa manido e tratado en moitas ocasións neste órgano municipal. Coma sempre, o seu grupo estaba en contra do trato de favor que se lle daba a ACEGA.

Lembrou que na construción e no financiamento desta autoestrada houbo unha concesión do **Sr. Fraga**, daquela Presidente da Xunta de Galicia, á empresa, de acordo co Ministerio de Fomento, **Sr. Alvarez Cascos**, cunha concesión dun crédito que era diñeiro dos galegos, pero que non impediu que fose de peaxe esta autoestrada.

Pola contra, o tramo Lalín-Ourense era gratuíto o seu uso para os usuarios. O tramo Lalín-Santiago debía ser gratis o seu uso tamén e así o asumiu a Xunta de Galicia, pero non se levou a cabo.

A alternativa a empregar, cando non se utilice a AP-53 nesta vía, tendo en conta que non se utilizaba polos veciños ou moi pouco, era a N-525, estrada que habería que mellorar, porque é a que se utiliza agora. Esta alternativa tampouco se fixo a día de hoxe, a pesar das múltiples e reiteradas peticións efectuadas estes anos de atrás.

Recordou que daquela, cando se inaugurou a AP-53, se dixo que abriría a Lalín moitas portas, mesmo que levaría rapidamente aos enfermos ao Hospital Xeral de Galicia. A realidade era que non se utilizaba tanto como se pensou entón e mesmo se cobra a todos os que a usan, cun custo moi elevado para a situación económica das persoas.

Destacou que el e o seu grupo político estiveron alí para protestar na inauguración desta vía, na que houbo unha capitalización da inauguración "*a bombo e platillo*" polo PP. Agora xa non se resaltaban as vantaxes da mesma.

Coincidía co anterior voceiro no sentido de que neste intre que estaba o equipo político do PP no Concello, na Xunta de Galicia e no Ministerio de Fomento, se podían conseguir avances. Non debiera haber impedimento. Pero pasaba que tampouco se conseguía rebaixar as peaxes; pola contra se producía o incremento das tarifas previsto no contrato.

Á vista do anterior, a táctica do PP era reclamar cando conviña politicamente facelo; porque non gobernaban e, cando estaban no poder, non apoiar as iniciativas doutros grupos para rebaixar ou suprimir as tarifas.

Afirmou que polo visto neste asunto, *“os galegos eran os tontos da península”* á vista do que pagaban polo uso desta autoestrada e, do que pagaron para a súa construción, en comparación co que sucedía con outras autoestradas do Estado.

O voceiro do PGD, **D. Camilo Conde López** afirmou que as tarifas polo uso da AP-53 eran caras, moi caras, e seguían a incrementarse ano tras ano. Algo fallaba cando isto sucedía, porque se construíu para ser utilizada e non se utilizaba polos veciños e usuarios. Debía estudarse isto. Por elo coidaba que había que revisar todo o que se fixo ata agora nesta autoestrada e regularse dun xeito diferente para conseguir que os cidadáns se aproveiten da mesma cuns prezos axeitados pola súa utilización, máis xustos que os actuais, que eran excesivos e que impedían utilizala.

Estaba pois a favor da moción, reiterando ao grupo de goberno que busque unha saída a esta situación grave e prexudicial para os veciños e usuarios.

O voceiro do grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, destacou que este era un dos temas máis debatidos por este órgano plenario.

Lembrou que durante o mandado do anterior goberno, presidido polo *Sr. Rodríguez Zapatero* se propuxo suprimir ou rebaixar as peaxes desta autoestrada AP-53. Non houbo eco desde o goberno central a esta petición e non se tocaron as tarifas, continuando co incremento previsto.

A postura do PSOE neste tema non foi a mesma agora que antes; a nosa, a do PP, tampouco. Pero eles seguían pedindo o mesmo: que se rebaixase a peaxe.

Reiterou que houbo unha oportunidade para isto hai anos, cando se pediu que se fixera unha operación ao igual que sucedeu noutras CC.AA; pero aquí en Galicia non se levou a cabo. O tramo Lalín-Ourense é gratuíto para os usuarios; sen embargo oculta unha peaxe na sombra que pagamos todos os galegos. Este feito provoca un trato desigual para os usuarios dunha mesma autoestrada, segundo utilicen un tramo ou outro; non ten razón de ser que o tramo Lalín-Santiago sexa de pago á vista do anterior.

Lembrou que o seu grupo presentou unha emenda nos orzamentos de hai varios anos e non se aprobou; logo o goberno do PSOE deu axudas a outras empresas como Acciona, FFCC, para evitar quebras e concursos de acredores destas compañías.

Agora no ano 2012 temos un novo escenario cunha boa noticia anticipada para os usuarios, como era a gratuidade na viaxe de volta no itinerario Pontevedra-Vigo da AP-9.

Como grupo político seguirían a traballar ata conseguir unha rebaixa no uso e utilización desta autoestrada. Incidiu en que esta petición non debiera estar focalizada en Lalín, tendo en conta que a AP-53 a usan tamén veciños do sur da provincia de Lugo e os veciños da provincia de Ourense, e non só os de Lalín ou da comarca de Deza.

“Non somos os tontos da península”, afirmou en contestación ás verbas do voceiros nacionalista.

Reiterou que cando se puido facer esta rebaixa, non se quixo. A pesar de todo o pasado e do tempo transcorrido, o seu grupo tiña esperanza de que se negocie este tema entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia e se consiga esa redución significativa que se busca das tarifas da AP-53.

Na segunda rolda de intervencións, **D. Manuel María González Aller**, indicou que eles, nin como partido nin como grupo político cambiaron de postura neste tema, desmentindo as verbas do voceiro popular. Non era verdade o que se dixo nin esas verbas pronunciadas, que só tiñan como función a de introducir confusión neste asunto. Quen si cambiou de opinión foi o grupo municipal do PP e o seu voceiro con posturas mantidas en sesións plenarias anteriores, algo que podía consultarse vendo as actas das sesións nas que se falou deste tema.

Recoñeceu que como grupo político abandonaron a Plataforma creada no seu día, porque respondía a móbiles partidistas e non perseguía os fins para os que se creou; unicamente buscaba o desgaste da Xunta de Galicia e do Ministerio de Fomento, daquela gobernadas polo partido socialista.

Engadiu que agora podía ser o momento de recuperar esa plataforma e de reivindicar o que se pedía daquela, mesmo colocando pancartas reivindicativas nas rúas como se fixo entón.

Rematou reiterando que o seu grupo sempre estivo na loita para rebaixar as peaxes, advertindo mesmo cando se aprobou o prego de contratación desta autoestrada dos problemas e do contido do mesmo.

Pola súa banda, o voceiro do grupo de goberno, **Sr. Román Rodríguez González**, indicou que, escoitadas as verbas da oposición, o máis honrado era que as peaxes as pagásemos todos os galegos e non os usuarios, como sucedía no caso das peaxes brandas ou no tramo de Rande. Insistiu en que aos dous meses de goberno en Madrid, o PSOE cambiou de postura sobre este mesmo tema. Pola contra o PP sempre estivo na mesma posición. Reiterou que a actuación do PSOE non foi correcta no funcionamento da plataforma.

O voceiro socialista, o **Sr. Manuel María González Aller**, seguiu no uso da palabra, afirmando que o uso do tramo de Santiago-Lalín se pagaba ata catro veces: unha co crédito concedido, outra coas axudas que se lle deron; a terceira cos usuarios ao pagar o seu uso, e finalmente mesmo se hai perdas, tamén se lle abonaban indemnizacións á empresa.

Esta situación era grave tendo en conta, partindo das ocasións en que se abordou este problema neste órgano plenario non se solucionou nada. A *Sr^a. Ministra de Fomento* sostivo que as peaxes eran excesivas, pero non facía nada para solucionar a situación. O *Sr. Núñez Feijoo* nunha campaña electoral prometeu unha rebaixa do 50% das tarifas desta vía e non fixo nada ata o día de hoxe; non cumpriu a súa palabra. Houbo unanimidade para pedir no Parlamento de Galicia a cesión ao Estado desta autovía á Xunta de Galicia. Agora todos estaban a favor desta rebaixa. Por elo non entendía a que se esperaba para solicitar a rebaixa da peaxe.

O representante nacionalista, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, reiterou que aos galegos se nos tomaba por tontos, reiterando o xa dito. Ó seu xuízo Galicia era a cloaca do que sucedía na península. A estratexia do PP neste tema de agora era a mesma que a que utilizou o *Sr. Rodríguez Zapatero* cando gobernou en Madrid.

Coidaba que os que empregaban o tramo Lalín-Santiago da AP-53 debían ter os mesmos dereitos que os usuarios que van de Dozón a Ourense. O BNG foi o único partido que non cambiou de postura neste tema, resaltando que sempre pediu a gratuidade total polo uso da autoestrada.

Apoiarían a moción porque a autoestrada central galega nos dous tramos era unha infraestrutura importante, esencial, e tamén un ben social para os veciños de Deza e de Galicia.

O voceiro do PGD, **D. Camilo Conde López** reiterou que visto que a situación seguía a empeorar, cos incrementos anuais das tarifas, no medio dunha situación económica de eixo xeral, se debía seguir presionando e de común acordo ata conseguir unha redución efectiva das peaxes. Votaría a favor.

O voceiro do grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, sinalou ao voceiro socialista que o PP non incumpría as súas palabras e el tampouco. Todos os xestos eran ineficaces, porque o que había que decidir era se pagaban as peaxes todos os cidadáns (peaxes na sombra ou subvencións) ou só os abonaban usuarios que as empregaban.

No tramo Dozón-Ourense as peaxes pagábanas todos, e polo visto era lícito. A metade da autoestrada contaba cun sistema e a outra con outro modelo; unha era de pago polos usuarios e a outra pagábana todos os cidadáns. Non era coherente esta situación e había que darlle un tratamento uniforme.

Agora non hai capacidade económica para afrontar esta redución das peaxes. Antes no goberno central si que había cartos e se puido abordar esta redución, pero non se fixo. Hoxe estaba difícil adoptar estas medidas. Reiterou que o PSOE non foi o mesmo e cambio de postura.

En terceiro lugar dixo que non eramos “os *tontos da península*” os galegos. Reiterou que mediante a aceptación dunha emenda se puido engadir esta autoestrada AP-53 a outras que xa disfrutaban deses beneficios con redución das peaxes. Non se aceptou, e non foi así porque o PSOE non o aceptou. O resultado era o que había hoxe. En resumo, o que agora era tan criticable para a oposición (a posición do grupo de goberno), podía dicirse tamén polo grupo de goberno sobre o que non se fixo antes.

Finalmente, o **Sr. Alcalde, D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que coñecía á Sr^a. Ministra D^a. Ana Pastor e esperaba dela que amose esa sensibilidade que ten, a pesar dos tempos difíciles que lle tocou gobernar. Agora que había esa rebaixa do traxecto Vigo-Pontevedra na viaxe de volta, coidaba que antes ou despois: “tamén nos tocará a nós”. Sucedió que se pagaban algunhas peaxes na sombra pola Xunta de Galicia. Esperaba que tanto da Consellería de Infraestruturas como a Sr^a Ministra cando decidan, porque agora considera materialmente imposible suprimir as peaxes, que fagan algo e nos toque aquí ao Deza, neste tramo Lalín-Santiago.

Na moción pedíase: 1º. Solicitar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a aplicación urxente dunha rebaixa da peaxe da AP-53 no Treito Lalín-Santiago de Compostela como contrapartida ao rescate financeiro da concesionaria; 2º. Solicitar de forma inmediata ao Ministerio de Fomento a suspensión da actualización da peaxe prevista para xaneiro de 2013.

Sometida a votación ordinaria a man alzada a moción, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos cales catro (4) foron do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) dos Concelleiros do PP.

Abstencións: ningunha

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

4.3.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista de 17 de decembro de 2012 rexistrada o día 18 de decembro de 2012 co número 7689. A continuación o Sr. Secretario deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 20 de decembro de 2012.

A defensa desta moción correu a cargo do voceiro socialista neste tema, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez**, quen sinalou que os concellos de Galicia, e entre eles Lalín, presentaban uns defectos na facturación e liquidación das taxas pola prestación deste servizo. A filosofía que impulsou as ordenanzas vixentes se explicaba por épocas de seca, nas que se establecían uns mínimos de consumo de auga, se consuman ou non, sen penalizar o abuso, e favorecendo o despilfarro deste ben. Cos mínimos daba igual gastar menos ou máis dentro deses límites. Isto era inxusto porque se pagaba por esa cantidade se consuma ou non; no caso de Lalín 30 m3/trimestre. Lembrou que había moitos outros concellos que estaban a traballar nesta liña de cambiar ou de modificar as ordenanzas fiscais para substituír este sistema de mínimos por outro que penalice o uso abusivo da auga, agora que se estaba neste tema de aforrar cartos. Pero tamén coidaba que tiña que ser a propia Xunta de Galicia xunto coa FEGAMP os que traballen nesta dirección. Por isto se presentaba esta moción, para evitar esta incongruencia e facer un uso máis racional e lóxico da auga.

A moción respondía a isto: unificar o proceso para eliminar estes mínimos, e conseguir un aforro do a cantidade da auga incentivando o mesmo, e penalizando o despilfarro.

Sendo as 11:04 horas abandona a sesión D^a. Sara Fernández Arca, quedando con doce concelleiros o grupo municipal do PP e en 19 concelleiros o número total de asistentes á sesión.

*Pola súa banda, o voceiro nacionalista, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, indicou que incentivar o consumo responsable da auga era algo moi necesario, sendo unha medida que había que enmarcala nunha política de sostibilidade ambiental máis ampla.*

Vía positivo regular na ordenanza municipal os tramos distintos en función do consumo e substituír ese sistema de mínimos que non conducía a nada, salvo ao abuso no consumo da auga e aos beneficios da empresa, por un novo sistema que permita abonar o que se consume realmente.

*O voceiro do PGD, **D. Camilo Conde López**, sostivo a necesidade de regular o consumo responsable da auga e promover o aforro da mesma. Era contrario ao sistema actual de tarifas cos mínimos e propugnaba tamén incentivar o aforro.*

*O edil delegado de Facenda, **o Sr. Manuel Gómez Estévez**, incidiu no xa dito na sesión da Comisión Informativa de Economía e Facenda no sentido de que se retirase esta moción, xa que se estaba a estudar o tema. En concreto salientou que se falou coa empresa concesionaria do servizo de Lalín, a cal se comprometeu a presentar un estudo sobre esta posibilidade. Lembrou que isto xa se tentou facer hai anos e que o resultado que saíu foi que a empresa contratante no caso de facer desaparecer estes mínimos, cargaría a presión fiscal sobre outros segmentos de consumo dos usuarios ou pediría unha compensación. Reiterou que estaban á espera de novos datos, que o sistema proposto pola empresa no seu día facía repercutir o custo noutros tramos da tarifa, suba ou non suba o prezo da auga. Volveu pedir a retirada da moción ata ter na man os datos e o estudo que a empresa quedou en entregar agora no vindeiro mes de xaneiro.*

*De novo no uso da palabra **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** reiterou o xa dito na primeira intervención. Este era un problema non só de Lalín, senón de moitos concellos. A ordenanza fiscal que estaba vixente en Lalín aprobouse en tempos de abundancia de recursos, e licitouse a concesión do servizo á empresa. Agora había outra sensibilidade na sociedade, outras necesidades e resultaba necesario abordar este problema, cambiando a ordenanza.*

Estaba en desacordo coas verbas do edil de Facenda, porque eles como grupo non podían crer os informes da empresa concesionaria, xa que era parte interesada, e si aceptarían informes dos técnicos municipais ou de técnicos independentes. Non cría as verbas do edil delegado de Facenda, lembrando que o dito polo edil xa se dixo hai dous meses cando se tocou este tema. Non estaba de acordo en que habería que compensar á empresa en caso de substituír os mínimos. Volveu insistir en que a intención e o fin que se debía perseguir desde o goberno era fomentar o aforro da auga e non o despilfarro e o abuso, e non cargar ese mínimo de 30 m³/trimestre ás vivendas con consumos medios e menores.

Doutra banda criticou a negativa municipal a aceptar a moción, afirmando que a presentada polo seu grupo reproducía outra de data de 25-8-2012 que se propuxo polo PP no Concello de Vigo e que foi aprobada por unanimidade. Non era novo este tema, pois.

*Por alusións **o Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias**, manifestou que agora traían mocións de fora doutros concellos, algo que se criticaba cando o grupo de goberno acudía a este razoamento para xustificar as súas políticas ou decisións.*

*Sostivo de novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** que os argumentos dados polo edil delegado de Facenda non eran óbice para ir cambiando a ordenanza municipal, máxime tendo en conta que esta taxa podía entrar en vigor cando se aprobe e se publique, e non a primeiros de ano coma outras. Polo tanto había tempo de sobra para abordalo, sempre que fose esa a intención do grupo de goberno de fomentar o aforro da auga e sancionar o uso abusivo do seu consumo polos usuarios.*

*O voceiro do PGD, **D. Camilo Conde López**, de novo, insistiu no xa dito anteriormente, e*

resultando que a actitude do goberno municipal debía ser a de solucionar este problema abríndose ao diálogo, e cambiando a ordenanza municipal no sentido que propuña a moción.

O edil de Facenda, **o Sr. Manuel Gómez Estévez**, reiterou outra vez que a empresa concesionaria quedou en dar o estudo no mes de xaneiro, despois do Nadal, porque entón xa tería todos os datos para falar sobre o tema. Lembrou que o Sr. Alcalde fixo esta oferta no último Pleno, e que unicamente se variou o IPC. Propuxo de novo á oposición que retirase a moción e, unha vez que se conte cos datos, reunírase coa mesma para falar do tema. Era certo que a empresa trataría de defender os seus intereses e, coa excusa de manter o equilibrio financeiro, buscará e esixirá cobrar o que lle corresponda segundo o contrato. Pidiu de novo esperar a ter o estudo do servizo.

Volveu insistir **J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** en regular racionalmente os tramos da ordenanza, en penalizar o abuso no consumo, e na necesidade de fomentar o consumo responsable, para que os usuarios paguen o xusto, abonen o que gasten, sobre todo nos consumos menores.

Doutra banda entendía que había que devolver a diferenza o 2% do IVE (pasou do 8 ao 10%) cobrado desde o 1 de xullo de 2012, cando debía ser desde o 15 de xullo de 2012. Este importe debía devolverse por lei nun prazo de quince días e non se fixo.

Reiterou o Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** o xa dito anteriormente polo edil de Facenda no sentido de que estaban á espera de que a empresa concesionaria aporte ese estudo e os datos necesarios; despois veríase o tema.

Na moción pedíase: 1º. Someter ao Pleno do Concello a modificación da ordenanza fiscal reguladora da TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS, coa intención de aforrar no consumo de auga e de que os cidadáns de Lalín paguemos pola auga que consumimos e non a partir do mínimo de 10 m3 mensuais contemplados actualmente; 2º. Aproveitar dita modificación para adaptar as taxas de xeito que a repercusión no peto dos cidadáns das subidas desta taxa, provocadas polo aumento do 2% do IVE, pola entrada en vigor dos novos canons de auga e saneamento aprobados pola Xunta de Galicia e polo aumento do IPC aprobado por este goberno municipal do PP sexa a mínima posible nos tempos actuais de fonda crise económica, ademais das deducións e exencións específicas solicitadas na moción de tipo máis xeral.

Sometida a votación ordinaria a man alzada a moción, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6) dos cales catro (4) foron do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.

Votos en contra: doce (12) dos Concelleiros do PP.

Abstencións: unha (1) do Concelleiro do PGD.

*Xa que logo **rexeitouse** a moción.*

5.- MOCIÓN POR URXENCIA.

5.1.- MOCIÓN POR URXENCIA DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN CO RECIBO DA AUGA.

O **Sr. Alcalde** preguntou se había algunha moción por urxencia que presentaren.

*Pola súa banda **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez**, voceiro socialista neste tema, presentou unha moción por urxencia en relación co tema da suba e coa aplicación xa no vindeiro recibo da taxa de auga e saneamento do canon previsto na Lei de Augas que a Xunta de Galicia aprobou e do seu regulamento. Pidiu que isto se faga de común acordo cos datos que cada Concello ten no seu padrón de habitantes. Tal e como se facía agora, non se tiña en conta o número de persoas por vivenda (as de máis de tres persoas eran as prexudicadas) e aplicábase o canon por tramos, penalizando os consumos menores e medios. Isto non era xusto e debía corrixirse. A elo había que engadir un pago de máis do IVE no primeiro recibo do 2%, importe que se debía devolver aos usuarios.*

A petición recollida na moción era importante porque non se tiñan en conta as persoas que estaban en cada vivenda e elo podía evitarse se os documentos fiscais se elaborasen tendo en conta os datos do padrón municipal de habitantes de cada concello.

O edil Delegado de Facenda **D. Manuel Gómez Estévez**, afirmou que desde o Concello se facía o que se podía, e que as persoas interesadas viñan polas dependencias para clarear isto; en concreto na Oficina Agraria se lles atendía, cubrían unha solicitude, e o Concello respondía.

Reiterou o xa dito **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** salientando que, en vez de pasarlle a carga da proba e de obrigar ao cidadán a vir aquí a realizar os trámites, debía ser o Concello e a Xunta de Galicia os que cos datos do Padrón de habitantes municipal ou co censo das vivendas coas persoas empadroadas realmente, efectuasen as liquidacións e elaborasen os recibos da taxa da auga co canon. Deste xeito evitaríanse moitos trámites e incomodidades aos veciños, e facilitaríasilles o pago da taxa.

Afirmou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** que o procedente era que isto que se pedía aquí e agora en Lalín se acordase para toda Galicia e mesmo que a FEGAMP se implicase directamente neste tema, ou o Parlamento de Galicia, dando participación así aos distintos grupos parlamentarios.

Volveu pedir **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** que non se siga a facer como ata agora, no que o canon se liquidaba en función dos distintos tramos de consumo sen ter en conta o número de persoas que habitaban en cada vivenda, situación na que os interesados debían presentar un escrito aquí no Concello para corrixir o recibo e mesmo reclamar os cartos pagados de máis. Reiterou que nun recibo, o primeiro que se pagou co novo canon autonómico, abonouse un 10% do IVE, cando legalmente correspondía aplicar o 8%; polo tanto debía devolverse un 2% nun prazo de quince días como máximo aos veciños como dicía a lei e non se fixo.

Sometida a votación a urxencia da moción a man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos cales catro (4) foron do PSdeG-PSOE, dou (2) do BNG e un do PGD.

Votos en contra: doce (12) dos Concelleiros do PP.

Abstencións: ningunha

*Xa que logo **rexeitouse** a urxencia da moción.*

Na moción pedíase que se proceda de oficio, cotexando os datos das vivendas que figuran no padrón desta taxa cos datos do padrón de habitantes, a establecer de acordo con Augas de Galicia o número de persoas de cada vivenda aos efectos previstos na Lei de augas da Xunta de Galicia e no seu Regulamento, para que poidan aplicar os tramos gratuítos reais a cada vivenda e non paguen máis do que prevé a lei e o seu regulamento en función do número de persoas por vivenda.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Presentados de forma escrita durante a sesión:

1.- PREGUNTAS.-

PSdeG-PSOE

D^a. Beatriz Iglesias García

1.- En relación á II^a Edición de “*Emporcarte*” e ao feito de que este ano, por motivos non precisamente artísticos, foron censuradas dúas obras participantes: a de *Manu Miné* totalmente e a de *Javier Hita* parcialmente.

1.1.-PREGUNTA

¿Quén é o responsable último da toma da decisión da censura?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

1.2.-PREGUNTA

¿Cáles son as diferenzas que encontra o responsable para a censura total ou parcial dunha obra artística?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

1.3.- PREGUNTA

¿Cál foi a forma de comunicación da censura aos autores?, e ¿Con canto tempo de antelación se lles comunicou?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

1.4.- PREGUNTA

¿Tense pensado, para próximas edicións, contar con membros eclesiásticos no xurado para a recepción de obras artísticas co fin de evitar futuras censuras, ou se porá nas bases que non se acepta arte sacro?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- Hai máis dun ano preguntouse ao Pleno da corporación anterior se coñecía o estado lamentable de conservación no que se atopaba a obra de Willy, contestando no momento o Sr. Alcalde que persoalmente se encontraba en negociacións coa familia do artista e que en breve chegarían a un acordo. Sen embargo, nese día a prensa recollía a fallida promesa por parte do Concello de participar na rehabilitación das obras de Willy.

2.1.-PREGUNTA

¿É definitiva a decisión de non financiamento para a rehabilitación da obra artística de Willy?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.2.-PREGUNTA

¿Non pensa o Concello que, posteriormente, unha vez que estean rematadas as obras, vaise ver beneficiado con algunha recepción das mesmas, e non é esta razón suficiente para que reconsidere realizar unha achega económica para a restauración das esculturas e demais obras do legado artístico de Willy?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

3.- Ao Concelleiro de Medio Ambiente en relación á Ordenanza Municipal de Medio Ambiente:

3.1. PREGUNTA

¿En qué punto se atopa a Ordenanza Municipal de Medio Ambiente?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.- Con respecto ao Plan de Aforro Enerxético:

4.1. PREGUNTA

¿Está rematado?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.2. PREGUNTA

¿Quén é o encargado da súa aplicación?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez

En relación coas felicitacións de Nadal que o Sr. Alcalde envía aos veciños de Lalín, e que o seu xuízo é un gasto excesivo e tamén doutro xeito inútil, consideraba inexplicable que o Concello realice estes gastos. Por elo formula as seguintes

PREGUNTAS.-

1.- ¿A canto ascenderon os gastos municipais realizados en calendarios, producidos desde a súa elaboración ata a súa distribución e os pagase ou non o Concello?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- ¿Parécelle prudente que o Concello dispoña de cartos para este fin, cando existen e se deixan sen atender outras necesidades máis acuciantes dos veciños?

Respondeu D. Xosé Crespo Iglesias, indicando que estes gastos os asumiu a empresa concesionaria do servizo de auga e sumidoiro, Espina y Delfín S.L. Isto mesmo facíase noutros concellos nos que a dita empresa prestaba os seus servizos e ninguén dicía nada, non era só de Lalín. Deu os datos do custo: 11.900 € na elaboración e uns 890 € da distribución.

D. Manuel González Aller

1.- En relación coa situación da AR-33 en Feás.

Primeiro grupo de preguntas:

O 02/12/2003 o Concello e a empresa Guerra Lalín S.L. asinan un convenio urbanístico de execución do planeamento para a conexión da área de reparto 33 (AR-33) das do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lalín cos servizos existentes, ao que se achega como anexo a valoración da monetarización do 10% do aproveitamento lucrativo que lle corresponde ao concello. Neste convenio basicamente acórdase o seguinte:

ESTIPULACIÓNS:

1. O Concello fai a conexión do viario da AR-33 coa rúa 4.
2. Guerra S.L. paga o 50% do custo dos terreos para ampliar a 12 metros o ancho de dito

viario e asume o custo total da súa urbanización cun máximo de 55.407,50 €. O Concello poderá repercutir sobre o resto dos propietarios lindeiros a porcentaxe que estime oportuno do restante 50%, sempre que lles supoña un beneficio, entendéndose para tódolos efectos que a AR-33 é un propietario máis que sufraga o 50% nun hipotético caso de imposición de contribucións especiais, no caso contrario sufragara o Concello con cargo aos presupostos municipais.

3. Acordan a monetarización do aproveitamento urbanístico valorado en 60.634,06 €.

En relación con este convenio formúlanse as seguintes preguntas:

a) Cumpriu o Concello co seu compromiso estipulado no punto 1 do convenio de facer a conexión da rúa da AR-33 coa rúa 4? En caso negativo explíquesse por qué non se fixo e que consecuencias tivo para os actuais veciños desa área de reparto.

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

b) ¿Cumpriu a empresa co seu compromiso estipulado no punto 2 do convenio de pagar o custo do 50% dos terreos necesarios para ampliar a rúa AR-33 a 12 metros e asumir o custo total da súa urbanización?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

c) ¿En qué data recibiu o Concello esta rúa? En caso de que non fose recibida: ¿Cales son os motivos polos que non se recibiu e cando se pensa recibir?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

d) ¿Considera Vde. normal que os veciños estean pagando a luz pública desta rúa?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

e) ¿Considera Vde. normal que os veciños estean pagando o custo do consumo eléctrico do pozo de bombeo do saneamento de dita rúa, cando lle están pagando ao Concello a taxa da rede de sumidoiros (saneamento)?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

f) ¿Existe recollida de lixo nesta rúa? En caso afirmativo ¿Qué importe se lle cobra por trimestre ós veciños?, e ¿con qué frecuencia se recolle o lixo nesta zona?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

g) Os 14 chalés construídos na AR-33 foron vendidos por un importe total que superou amplamente os tres millóns de euros, mentres que a monetarización do aproveitamento urbanístico naqueles momentos tan álxidos da construción foi fixada en 60.634,06 €. ¿Non cre vostede que esa cantidade é moi pequena por non dicir case ridícula?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

h) No informe do técnico municipal sobre este convenio afirmábase textualmente que “O presente informe deberá acompañarse do correspondente informe xurídico”, pero ese informe xurídico non aparece por ningunha parte do expediente. ¿Elaborouse dito informe? Explíquesse onde está ou por qué non se elaborou.

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

Segundo Grupo de preguntas:

Neste mesmo informe citado do técnico municipal xa se advirte que “o entorno non conta con tódolos servizos urbanísticos e existen dificultades para a conexión do alcantarillado, que posiblemente terá que facerse por bombeo. Posteriormente (31 de maio de 2004) preséntase o Proxecto de Urbanización da Área de Reparto 33. Infórmase polos técnicos municipais, apróbase inicialmente pola Xunta de Goberno Local, e apróbase definitivamente o 7 de setembro de 2004. Máis adiante solicítanse as licenzas de construción dos chalés, con toda a tramitación administrativa de informes e aprobaci3ns, e finalmente concédense por parte do Concello as licenzas de primeira ocupaci3n. A pesar de toda esta longa tramitaci3n administrativa con múltiples informes e suponse que con controis e visitas ás obras, o resultado é o desaguisado seguinte:

- A urbanizaci3n carece dun servizo urbanístico tan básico como imprescindible para poder construír legalmente, e sobre todo poder ter licenza de primeira ocupaci3n, como é a luz eléctrica.
- O viario principal desa AR-33 non ten a conexi3n prevista co viario preexistente (rúa 4), porque o Concello non a materializou a pesar do seu compromiso por escrito, e hai que acceder a ela por unha pista rural.
- Dito viario principal está nun auténtico limbo xurídico pois, te3ricamente, debería ser de titularidade pública, pero os servizos desa rúa están asumidos en parte, xa nin sequera pola xunta de compensaci3n, sen3n polos propietarios das casas que, loxicamente, nada tiveron que ver no proceso de desenvolvemento da AR-33.
- A pesar do anterior, o Concello está cobrando aos veciños os recibos da auga, saneamento, recollida de lixo e, por suposto, o IBI, como se se tratase dunha rúa en situaci3n normal de legalidade.
- A recollida do lixo só se fai unha vez á semana como se se tratase dunha zona rural, e non dispoñen de contedores de vidro e papel.

Pois ben, ante esta situaci3n máis propia dun Concello dun pa3s bananeiro, á que nunca se debería ter chegado se houbera un goberno local minimamente responsable e eficaz, hai unha absoluta incapacidade para solucionarala, e só se dan mínimos e tímidos pasos cando hai presi3ns por parte dos veciños ou -coma neste caso- por iniciativas por parte da oposici3n como foron solicitar no seu día o acceso ao expediente e agora a solicitude de comparecencia.

As preguntas que se formulan son as seguintes:

a) ¿Considera vostede que a actuaci3n do departamento de urbanismo do Concello de Lalín foi a correcta en todo este proceso?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

b) ¿A quén considera Vde responsable ou responsables por parte do Concello desta situaci3n?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

c) ¿Vai asumir Vde. responsabilidades políticas ou vaille botar a culpa aos técnicos que xa no ano 2003 lle advertían que non existían os servizos urbanísticos no entorno?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

d) ¿Cómo se pode explicar que o Concello, sendo máximo responsable por acción ou omisi3n da situaci3n na que se atopa esta urbanizaci3n, deixe tirados e indefensos a estes veciños?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

e) ¿Cómo pode explicar que os veciños teñan que pagar o alumeado da rúa, o bombeo do saneamento e unha recollida do lixo con tarifas urbanas pero servizo rural, que non teñen luz eléctrica regularizada e que a rúa da súa urbanización non teña a conexión prevista e adecuada co resto da trama urbana de Lalín?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

E sobre todo e despois desta realidade aquí descrita:

f) ¿Cómo pode entenderse que na Xunta de Goberno Local do 25 de marzo de 2011, e a proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo, se acorde a devolución á empresa dos 53.407,50 € do aval bancario que tiña constituído para responder ás obrigas do convenio urbanístico, en concreto para a urbanización do viario principal da urbanización.

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

E para rematar, a pregunta que seguramente máis desexamos ver axeitadamente contestada os concelleiros do Grupo Socialista, pero especialmente os veciños afectados:

g) ¿Pode dar unha data aproximada de cando se vai a resolver definitivamente cada un dos problemas concretos que se citan a continuación?:

- Execución da conexión do viario principal da urbanización coa rúa 4 que tiña que facer o Concello e que converte a esta zona de Feás nunha “*illa urbana*” pola desconexión co resto da trama urbana do casco de Lalín.
 - Asunción por parte do Concello do pago do alumeado público de dito viario.
 - Asunción por parte do Concello do pago do consumo eléctrico do pozo de bombeo do seu saneamento.
 - Recepción real e efectiva deste viario.
- Dotación do servizo de luz eléctrica en condicións “normais” de calidade e legalidade.
- Dotación do servizo de recollida do lixo nas mesmas condicións que calquera outra zona do casco urbano de Lalín (na actualidade só un día á semana e sen recollida selectiva).

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- En relación, coa situación da urbanización da AR-23 en Penacoba.

Como representante do Concello de Lalín na Xunta de Compensación da AR-23 correspóndalle a vostede asesorar da política urbanística municipal e tutelar a Xunta de Compensación e todo o necesario. Á vista dos problemas que teñen os veciños de Penacoba por falta de conexión ás redes fórmulanse as seguintes preguntas:

1.- *¿Asistiu vostede ás reunións da Xunta de Compensación?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- *¿Asesorou correctamente a Xunta de Compensación da política urbanística municipal?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

3.- *¿Tutelou a Xunta de Compensación para que non incorrera en incumprimento dos seus deberes ou en infraccións?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.- *¿Cómo explica vostede que existan tantas irregularidades?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

5.- *O 4 de abril de 2005 o presidente da Xunta de Compensación solicitou coñecer a cantidade que tiña que depositar ou avalar para facer fronte aos compromisos de afrontar os gastos para a conexión das redes, indicándoselle que o importe do aval era de 55.407 € que foron depositados en Intervención. O 30 de agosto de 2006 comunicoulle a Xunta de Compensación que o custo das obras ascendía a 33.454 €, devolvéndoselle o resto da cantidade depositada en aval:*

¿Cómo se procedeu á devolución do aval cando estaban sen acometer as conexións ás redes?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

6.- *O 11 de setembro de 2007 o presidente da Xunta de Compensación presentou o final de obra da urbanización da AR-23 solicitando os avais depositados, o 10 de decembro de 2007 o técnico municipal informa desfavorablemente pola falta de autorización administrativa e alta de posta en marcha da Consellería de Industria das instalacións de electrificación. Neste intre vostede coñecía que a urbanización de Penacoba carecía das instalacións pertinentes:*

¿Por qué se recepcionaron as obras?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

A continuación formulou un segundo bloque de preguntas en nome dos veciños de Penacoba.

1.-*¿Quen forma parte da Xunta de Compensación?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- *¿Quen é responsable do Concello na Xunta de Compensación?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

3.- *¿Cómo non detectou o Concello que as casas non estaban dotadas dos servizos básicos e concederon as licenzas de primeira ocupación?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.- *¿Están as farolas do alumeadado público da urbanización Penacoba enganchadas á luz de obra?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

5.- *¿Por qué non se lles fixo caso ás distintas reclamacións que formularon os veciños ao Concelleiro de Urbanismo nas distintas reunións e conversacións que mantiveron con eles?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

6.- *¿É certo que o Concello lles dixo aos veciños de Penacoba que a mellor solución era que eles asumiran o custo do transformador?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

7.- *¿Quen é pedáneo de Lalín de Arriba?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

8.- *¿Ten algunha vinculación coas vivendas da urbanización Penacoba?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

3.- En relación co Parking Europa

PREGUNTA.- *¿Como se encontra o expediente para abrir o parking da Praza Europa ao público? ¿Vai abrir as portas ao público a súa actividade, tendo en conta que non se ve actividade municipal algunha para a súa apertura, sen sequera de obras?. ¿Cal o motivo de estar nesta situación?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

P.G.D.

D. Camilo Conde López

1. En relación ao teléfono de atención veciñal.

1.1. PREGUNTA.

¿Existe algún teléfono de atención veciñal?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

1.2. PREGUNTA.

¿Qué finalidades se contemplan?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- ROGOS.-

D^a. Beatriz Iglesias García

ROGO.- indica que no vial da rolda Leste á altura de Lalín de Arriba aparcan e estacionan camiións de grande tonelaxe. Ten fotos de denuncia destes feitos e coida que a policía local é consciente. Pide que se adopten medidas para evitar isto.

Respondeu o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, afirmando que el vía todos os días os camiións aparcados na dita zona; a razón era que sendo o lugar lóxico de estacionar estes vehículos o polígono industrial, sucedía que os condutores tiñan que coller un taxi para ir e volver ao dito lugar cando os deixaban e logo tiñan que volver ao polígono para recoller os camiións. *“De todos os xeitos, afirmou, se estudará o tema e tentarse buscar algunha solución a esta situación”.*

Tamén **D. Camilo González Bodaño**, interveu neste debate para indicar que non se aparcaban estes vehículos pesados nas inmediacións do colexio, polo menos dun xeito diario.

De novo **D^a. Beatriz García Iglesias** indicou que o lóxico sería que aparcasen en caso de facelo na vía de arriba da dita Rolda Leste, na rúa seguinte á rotonda, pero non onde o viñan a facer habitualmente.

O Sr. Presidente quedou enterado.

ROGO.- Indica que a actual parcela que serve de aparcamento situada fronte á nova piscina municipal é insuficiente para esta finalidade. Presenta múltiples deficiencias, entre elas o feito de que o firme é de zahorra, ten grandes buratos nos accesos e carece de luz. Con todo isto, o lugar convértese nun lugar perigoso para os vehículos e tamén para as persoas. Por elo pide que se tomen medidas e se corrixan estas deficiencias.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D. Manuel María Gonzalez Aller.

ROGO.- Lembra que o seu grupo pediu a comparecencia do edil Delegado de Urbanismo, o *Sr. Román Rodríguez González*, polos feitos derivados do expediente da urbanización Penacoba. Lembrou que o edil delegado non dixo nada, non respondeu aos veciños, polo visto porque xa estaba todo arranzado. A situación de hoxe era que seguía a estar sen servizos. Por isto pide unha nova resposta clara sobre este expediente e sobre o cumprimento dos acordos pactados.

O Sr. Presidente quedou enterado.

P.G.D.

D. Camilo Conde López

ROGO.-Pide que se corrixan as deficiencias que existen no acceso a internet, sistema *wifi* da biblioteca municipal, xa que hai usuarios que non poden conseguir nin acceder a esta rede. En concreto indica que as deficiencias a corrixir se atopan nas seguintes áreas:

- Conexións de rede.
- Abrir conexións de rede.
- Conexións de redes inalámbricas.
- Propiedades.
- Protocolo internet 4 TCPIP
- Propiedades
- Cubrir recuadros.

O Sr. Presidente quedou enterado.

E, sendo as once horas e corenta e un minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo *Sr. Presidente* levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente

